

Programación infantil e xuvenil xuño 2019

HOMENAXE A XABIER P. DOCAMPO

Martes, 4 de xuño desde as 10:00 no salón de actos - Entrada libre ata completar capacidade da sala



*A partir das 10.00h lectura de diferentes textos de Xabier P. Docampo a cargo do alumnado de varios centros escolares de Santiago de Compostela.

*A partir das 17.00h realizaranse lecturas de obras do escritor homenaxeado por parte de representantes das diferentes entidades que colaboran nesta homenaxe.

*Ás 19.00h charla "XABIER P. DOCAMPO, O ESCRITOR. TRADICIÓN E MODERNIDADE" a cargo de María Jesús Fernández que fará un repaso á traxectoria literaria de Xabier P. Docampo, salientando as características que singularizan a súa obra e as achegas deste escritor á Literatura Galega.

REPRESENTACIÓN FINAL DO OBRADOIRO DE TEATRO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Luns, 17 de xuño ás 18:30 no salón de actos



A cargo de Mariña López Varela. Sesión aberta na que as nenas e nenos participantes representarán unha pequena peza de teatro titulada **Cinsenta 2.0** na que se verán reflectidas as temáticas sobre relacións saudables, roles igualitarios e identificación e prevención da violencia machista tratadas no obradoiro. **Entrada libre ata completar a capacidade da sala.**

TALLERES DE ELECTRÓNICA E ROBÓTICA MAKER

Mércores, 19 de xuño de 17.00 a 20.30 h no salón de actos



Obradoiro de robótica a cargo de Vermislab no que construiremos robots utilizando motores e material de refugallo. Tamén traballaremos a Electrónica facendo robots a través de circuitos electrónicos utilizando LEDs, compoñentes electrónicos, plastilina e material de refugallo. **Para nenos e nenas de 4 a 14 anos, máximo 20 participantes que poden estar acompañados/as dunha persoa adulta. Entrada por rigorosa orde de chegada.**

A BIBLIOTECA ÁNXEL CASAL NA III SEMANA DO LIBRO DE COMPOSTELA



A Biblioteca Ánxel Casal estará na Praza da Quintana do 7 ao 16 de xuño na SELIC 2019. Faremos carnés e unha pequena exposición dos nosos fondos. Este será o noso horario de atención ao público: **de luns a venres de 17.00 a 21.00h. Os sábados e domingos será de 11.00 a 15:00 e de 17.00 a 21.00h.**

CLUB DE LECTURA INFANTIL

Mércores cada 15 días ás 18:30h na sala infantil



Lugar de encontro e escoita no que compartir tempo libre diverso desde a imaxinación, a creatividade, a reflexión e o pasalo ben, sen se mancar, ou vaia, mancándose cando cumpra ou cando a curiosidade poida máis. Non han faltar tampouco os xogos ou actividades... que as lecturas vaian motivando. **Para nenas e nenos de 9 a 12 anos. Precísase inscrición previa na páxina web da biblioteca, máx. 10 persoas.**

OS SÁBADOS CHOIVA DE CONTOS

Ás 12:00 h no salón de actos - Entrada libre ata completar a capacidade da sala



Contacontos en inglés "MOUSY AND THE BIG RED BALL" (1 de xuño) A cargo de KIDS & US. Acompaña a Mousy nas súas aventuras polo parque e axúdao a atopar a súa gran pelota vermella. Para nenas e nenos de 0 a 3 anos.

Contacontos "ILUSIONARTE" (8 de xuño) A cargo de DAVID MÉNDEZ. Un espectáculo dinámico, sorprendente e divertido onde volverás a ilusionarte e a sorprenderte con efectos e situacións máxicas diferentes. Para público familiar.



Contacontos "UN CONTO PARA QUE CONTES" (15 de xuño) A cargo de BEATRIZ IGLESIAS. Os contos son os primeiros coloquios de nenas e nenos con nais e pais, dicía Rodari, cos que lle dar ferramentas para reforzar a súa imaxinación e comprensión. Contos para escoitar e para que as crianzas os incorporen á súa experiencia e así os poidan compartir como algo propio. Para nenas e nenos de 3 a 12 anos.

CONTACONTOS INTERPRETADO NA LINGUA DE SIGNOS (22 de xuño) A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia interpretará contos na lingua de signos para os que non poden ouvir e en voz alta para os demais. Para nenas e nenos de 6 a 12 anos.



Contacontos "FEMINISTORIAS" (29 de xuño) A cargo de LISÍSTRATA. A historia que non está nos libros de texto, a das nosas avoas e bisavoas que ergueron a voz e loitaron para cambiar o mundo. Achegaremos referentes para nenas e nenos mediante os contos, curiosidades e xogos e repasaremos os logros do feminismo ata os nosos días. Para nenas e nenos de 3 a 12 anos.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

"Marcho, que teño moito que xogar!": No mes de xuño remata a escola e comezan as vacacións, tempo para que a rapazada ande ceiba a xogar nas rúas... Mostra que nos fala dos libros que nos amosaron ese xeito de entender a vida, aínda nestes tempos máis complexos, para reivindicar a necesidade das crianzas a experimentar e sentírense libres. Sala infantil do 3 ao 30 de xuño.



"Toco cos dedos a luz nova do día: Homenaxe a Xabier P. Docampo" Mostra que acompaña a homenaxe adicada a este autor. Sala infantil do 5 ao 30 de xuño.

VISITAS ESCOLARES

Para grupos de 30 nenos e nenas como máximo. Mércores de 10:30 a 11:30 h.
Reservar por teléfono ou na biblioteca



Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, Tlf. 881 999 401
biblio.publica.santiago@xunta.gal (bibliotecas.xunta.gal/santiago)
Avda. Xoán XXIII, s/nº, 15704 Santiago de Compostela